

## Acta de reunión da convocatoria da AAVV para a elección da nova Xunta Directiva.

En San Miguel de Presqueiras sendo as 11.00 da mañá, do día 27 de Marzo do 2016, reúnen-se en sesión ordinaria os membros da AAVV, cos seguintes puntos da orde do día:

- 1º- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2ª- Estado de contas.
- 3ª- Información sobre a obra da Igrexa Parroquial.
- 4ª- Elección da nova Xunta Directiva.
- 5º- Ronda de intervencións.

1. Comenza a reunión facendo lectura da acta anterior e aprobando esta por unanimidade.
2. En canto o estado de contas infórmase que o saldo é negativo xa que o gasto, sobre todo da luz, é constante durante todo o ano cando os ingresos son mínimos. Proponse que a Comunidade de montes se faga cargo dos gastos con traspasos puntuais ou un único anual.
3. Sobre a obra da Igrexa Parroquial dise que terá que estar rematada antes do 20 de maio xa que a subvención que concedeu a Deputación hai que xustificalo para o mes de xuño como data límite. A empresa contratada xa está comprometida para acabala antes desa data, o que implica que terá que comezar nos vindeiros días. Sobre a xente que aínda non dou a cuota (30sócios) acórdase facerlles unha visita de novo ó inicio da obra.
4. En canto a elección da Directiva so se presentou unha candidatura, estando todos os presentes de acordo na súa composición.

Desta forma queda formada polos seguintes membros:

- ✓ Presidente: José Manuel Cortizo Adán.
  - ✓ Vicepresidenta: María Yolanda Álvarez Bértolo.
  - ✓ Secretario: Pablo Hernández Cortizo.
  - ✓ Vicesecretario: José Raposeiras Correa.
  - ✓ Tesoureiro: Manuel Rivas Álvarez.
  - ✓ Vocal 1: Benigno Arén Adán.
  - ✓ Vocal 2: Patricia Rodríguez Hernández.
  - ✓ Vocal 3: Amadeo Cota Roubín.
5. Na ronda de intervencións fábase de que xa fai moito tempo a AAVV estaba un pouco parada xa que a Comunidade de Montes facía as funcións da AAVV.  
Sabendo da posibilidade dunha futura explotación da nosa mina, é necesario dar valor a nosa AAVV para defender os nosos intereses nunha época que temos que estar unidos, polo que cantos mais organismos implicados sexamos moito mellor. En principio dende a asociación o que se pensa é que se debe rechazar calquer proxecto de reapertura da mina mentras non teñamos mais información ó respecto, xa que hai moitas dúbidas sobre os innegables efectos negativos e necesitamos dar os pasos que mais nos favorezan.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 11:55h.

O/A Presidente/a:  
José Manuel Cortizo Adán

Asdo.:



En Presqueiras, a 27 Marzo do 2016